

A C T A 11/2021
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 29 DE DECEMBRO DE 2021 -

Na Casa do Concello, a vinte e nove de decembro de dous mil vinte e un, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.^a Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D. José Manuel Guerra Calvelo
D.^a María Vázquez Rey
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a María Teresa Castro Framil
D.^a Lucía Calvo de la Uz
D.^a Margarita Rosende Domínguez
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.^a María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.^a Carmen Diéguez González
D. Manuel Barreiro Rozados

Non asisten, previa escusa:

D.^a María López Álvarez
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.^a Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

- 1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1282/21 á 1433/21)**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA DE MOROSIDADE E PMP 3º TRIMESTRE 2021**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DO ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL LABORAL SUBROGADO**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ÁS ENTIDADES LOCAIS**
- 6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONdeTEO POLA ELIMINACIÓN DA SUPERSTICIÓN COMO CRITERIO TÉCNICO**
- 7.- MOCIÓNS**
- 8.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da concelleira de Son de Teo, D.^a María López Álvarez, e do concelleiro do PP, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo, que por diferentes motivos non poden asistir, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1282/21 á 1433/21).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 19 de novembro ata o 22 de decembro de 2021, que comprenden os números 1282 ao 1433, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación.

“DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparecen consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con

un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA DE MOROSIDADE E PMP 3º TRIMESTRE 2021.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería, do 24 de decembro de 2021, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao terceiro trimestre de 2021, sinalando que, segundo o citado informe, quedou fixado en 15,94 días.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DO ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL LABORAL SUBROGADO.

O sr. alcalde da conta da proposta do 16 de decembro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, normalización lingüística, mocidade e medio natural de 22 de decembro de 2021.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Ratificación do Acordo transitorio de xestión do persoal laboral subrogado

Considerando a proposta de “Acordo transitorio de xestión do persoal laboral subrogado polo concello de Teo” presentado na Mesa Xeral de Negociación do concello de Teo na sesión do 19 de maio de 2021 e o acordo da Mesa de Negociación do

persoal laboral do concello de Teo na sesión celebrada o 21 de xullo de 2021 recollido na acta correspondente asinada

Visto o Informe da Técnica de Recursos Humanos sobre APLICACIÓN DO ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL SUBROGADO NA SESIÓN DA MESA DE NEGOCIACIÓN DO PERSOAL LABORAL DE 21 DE XULLO DE 2021, asinado o 08.11.2021

Considerando que os puntos de carácter económico do Acordo aplicables no presente exercicio (punto 3 referido a aqueles colectivos que non experimentaran neste ano ningunha subida salarial e punto 5 referido ás persoas traballadoras que non contan con antigüidade recoñecida nos seus convenios de orixe) estaban previstos nos orzamentos municipais vixentes)

Propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. Ratificar o ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL LABORAL SUBROGADO POLO CONCELLO DE TEO recollido na acta da sesión do 21 de xullo de 2021 da Mesa de Negociación do Persoal laboral ao servizo do Concello de Teo**
- 2. Aplicar no presente exercicio os acordos recollidos nos puntos 3 e 5 referidos a aqueles colectivos que non experimentaran neste ano ningunha subida salarial e ás persoas traballadoras que non contan con antigüidade recoñecida nos seus convenios de orixe, previsións xa recollidas nos orzamentos municipais do exercicio 2021**
- 3. Asumir o compromiso de realizar as previsións orzamentarias necesaria para facer efectivo o ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL LABORAL SUBROGADO POLO CONCELLO DE TEO durante os exercicios da súa vixencia”.**

Obran no expediente informe da técnica de recursos humanos, de 8 de novembro de 2021, informe de Intervención, de 13 de decembro de 2021, e informe de Secretaría, de 16 de decembro de 2021, que se reproducen a continuación.

“INFORME DA TÉCNICA DE RECURSOS HUMANOS

ASUNTO: APLICACIÓN DO ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL SUBROGADO NA SESIÓN DA MESA DE NEGOCIACIÓN DO PERSOAL LABORAL DE 21 DE XULLO DE 2021

En cumprimento da Providencia da Alcaldía de data 13.09.2021, emítase o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. O Concello de Teo conta, na actualidade, cun total de 134 empregados públicos, dos cales 26 son persoal funcionario, 107 son persoal laboral e 1 persoal eventual.

SEGUNDO. Dentro do persoal laboral, 57 son persoal subrogado en virtude dos distintos procesos de asunción de xestión directa de servizos anteriormente externalizados:

- Servizo de abastecemento e saneamento, con data de inicio da xestión directa o 01.10.2015. Na actualidade o integran 8 persoas ás que se lles aplica o Convenio colectivo “Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU, 2014/19, DOG 28 de xullo de 2015.
- Servizo de mantemento de zonas verdes, con data de inicio da xestión directa o 18.11.2016. Na actualidade o integran 3 persoas ás que se lles aplica o Convenio colectivo estatal de jardinería, BOE 9 de febreiro de 2018.
- Servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais, con data de inicio da xestión directa o 01.07.2017. Está integrado por 10 persoas, ás que se lles aplica o Convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da Coruña, BOP 23 de marzo de 2017.
- Servizo de mantemento eléctrico, con data de inicio da xestión directa o 27.04.2018, e integrado por 2 persoas, ás que se lles aplica o Convenio colectivo estatal do sector do metal, BOE 19 de xuño de 2017.
- Servizo de Escolas Infantís Municipais, con data de inicio da xestión directa o 01.09.2018, e integrado por 34 persoas, ás que se lles aplica o XII Convenio colectivo estatal de centros de asistencia y educación infantil, BOE 26 de xullo de 2019.

TERCEIRO. Con data 21 de xullo de 2021 asinouse o Acordo transitorio de xestión do persoal subrogado na sesión da Mesa de Negociación do persoal laboral.

Cómpre sinalar que o réxime xurídico aplicable ás relacións entre as Administracións Públicas e o persoal ao seu servizo establécese no texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP), as leis de función pública correspondentes, o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro (TRLET) (en caso de persoal laboral), así como nos instrumentos extraestatutarios propios da negociación colectiva cuxo contido ten forza de lei entre as partes, tales como Acordos Marco, Convenios Colectivos, etc. Neste sentido o artigo 1 TRLEBEP dice:

“*Obxecto.*

1. O presente Estatuto ten por obxecto establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos incluídos no seu ámbito de aplicación.
2. Así mesmo ten por obxecto determinar as normas aplicables ao persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas”.

A concreción de condicións laborais tanto para o persoal funcionario como laboral realízase, mercé do artigo 31 do TRLEBEP, por vía de negociación colectiva. Tal Dereito, recoñecido aos empregadores públicos sen distinción, exerceuse a través das chamadas Mesas de Negociación, as cales poden constituírse ao amparo da representación de só un tipo de persoal (funcionario ou laboral) ou mixtas.

«Artigo 31 TREBEP. Principios xerais.

1. Os empregados públicos teñen dereito á negociación colectiva, representación e participación institucional para a determinación das súas condicións de traballo.
2. Por negociación colectiva, para os efectos desta lei, enténdese o dereito para negociar a determinación de condicións de traballo dos empregados da Administración Pública.[...]
5. O exercicio dos dereitos establecidos neste artigo garántese e leva a cabo a través dos órganos e sistemas específicos regulados no presente capítulo, sen prexuízo doutras formas de colaboración entre as Administracións Públicas e os seus empregados públicos ou os representantes destes.

[...]

7. O exercicio dos dereitos establecidos neste capítulo deberá respectar en todo caso o contido do presente Estatuto e as leis de desenvolvemento previstas no mesmo».

Entre as materias que son obxecto de negociación colectiva o artigo 37 do TRLEBEP menta expresamente as relativas a retribucións e tempos de traballo, descansos, permisos, horarios, etc. como sinala o consultante.

«Artigo 37. Materias obxecto de negociación.

1. Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as materias seguintes:

[...]

- b) A determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios.

[...]

- k) As que afecten as condicións de traballo e ás retribucións dos funcionarios, cuxa regulación esixa norma con rango de lei.

[...]

m) As referidas a calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos, mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten a condicións de traballo dos empregados públicos».

Froito das mesas de negociación derivanse, no seu caso, os Pactos e Acordos aos que se refire o artigo 38 do TRLEBEP cando afirma:

«Artigo 38. Pactos e Acordos.

1. No seo das Mesas de Negociación correspondentes, os representantes das Administracións Públicas poderán concertar Pactos e Acordos coa representación das organizacións sindicais lexitimadas a tales efectos, para a determinación de condicións de traballo dos funcionarios das devanditas Administracións.

2. Os Pactos celebraranse sobre materias que se correspondan estritamente co ámbito competencial do órgano administrativo que o subscriba e aplicaranse directamente ao persoal do ámbito correspondente.

3. Os Acordos versarán sobre materias competencia dos órganos de goberno das Administracións Públicas. Para a súa validez e eficacia será necesaria a súa aprobación expresa e formal por estes órganos. Cando tales Acordos fosen ratificados e afecten a temas que poden ser decididos de forma definitiva polos órganos de goberno, o contido dos mesmos será directamente aplicable ao persoal incluído no seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de que a efectos formais requírase a modificación ou derogación, no seu caso, da normativa regulamentaria correspondente».

Son, por tanto, os devanditos acordos aos que a lei, coa extensión, contido e efecto que lle son propios, outórgalles unha validez plena coma se de norma de rango legal tratásese (polo menos entre as partes).

A maior abastanza a Sentenza do Tribunal Supremo de data 16 de xaneiro de 2012 ven corroborar e aclarar, á luz do anterior precepto, o alcance deste tipo de acordos negociados entre as partes, cando non foron ratificados e aprobados polo órgano de goberno competente. Dita Sentenza chega á seguinte conclusión:

«O acordado na mesa de negociación precisa da necesaria ratificación por parte do órgano de goberno da Administración Pública correspondente, neste caso, o Consello de Goberno. A consecuencia do anterior é que non pode recoñecerse carácter vinculante e eficacia directa ao negociado; atopámonos, pola contra, ante un “mero acto de trámite carente de eficacia normativa”».

Por tanto, á vista do declarado polo Supremo na devandita Sentenza, ha de concluírse que os pactos ou acordos antes da súa ratificación son actos de trámite, sen eficacia xurídica e por iso non susceptibles de impugnación; sen que caiba en definitiva atribuírlles eficacia inmediata e vinculante para a Administración.

É por iso que os Acordos adoptados na Mesa de negociación unicamente serán vinculantes para o Pleno e o resto dos órganos decisorios do Concello desde o momento en que se produza a súa ratificación no seo do mesmo como órgano competente para a súa ratificación, se dita ratificación non se produce devanditos acordos ou pactos alcanzados na Mesa non terán eficacia normativa nin por tanto poderá calquera das partes intervenientes na adopción do devandito acordo esixir o seu cumprimento á outra parte se dita ratificación non se produciu.

CUARTO. Dito o anterior, segundo a acta levantada na devandita sesión á que se lle incorporou o citado Acordo no punto 3 se recolle: *“A partir de xaneiro de 2022, as persoas traballadoras subrogadas terán os incrementos salariais que correspondan aos traballadores e traballadoras municipais (non os que fixen os seus convenios de orixe). A aqueles colectivos que no experimentaran ningún tipo de subida salarial no ano 2021, aplicaráselles con carácter retroactivo o incremento salarial establecido para os traballadores e traballadoras municipais no ano 2021.*

Conforme ao anterior, e á vista dos Convenios colectivos aplicable ao devandito persoal subrogado, xa citado anteriormente, resulta que, agás o persoal das EEIIMM, os outros catro servizos non experimentaron nas súas retribucións salariais un incremento retributivo nas percepcións do ano 2021 con respecto ás percibidas no ano 2020, polo que procede o incremento do 0,9%, porcentaxe que lle foi aplicada ao resto do persoal do Concello, en virtude do establecido no apartado Dous do artigo 18 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 (BOE nº 341, de 31 de decembro de 2020). Dito incremento faríase con data de efectos 01.01.2021.

Polo que se refire ao persoal das Escolas Infantís Municipais a Providencia da Alcaldía de data 22 de setembro de 2020 dispuxo *“Que a partir do 1 de setembro de 2020 sexan de aplicación para as persoas traballadoras das EIMs de Teo as táboas salariais recollidas no apartado A do Anexo XII do XII Convenio colectivo de centros de asistencia y educación infantil (BOE do 26 de xullo de 2019)...”.*

QUINTO. Respecto ao concepto de antigüidade como retribución salarial, cómpre sinalar que os Convenios aplicables aos servizos de limpeza e mantemento eléctrico non o regulan. Neste sentido, o punto 5 do devandito Acordo establece que *“as persoas traballadoras subrogadas*

que non contén con antigüidade recoñecida nos seus convenios de orixe, comezarán a partir da sinatura deste acordo a percibir retribucións correspondentes aos trienios (equivalente ao 100% do trienio do persoal laboral do Concello) que lles correspondan, formalizados dende a data na que o Concello asumir a xestión directa do seu servizo”.

Para proceder ao recoñecemento e pagamento dos trienios é necesario acudir á norma legal aplicable supletoria a falta de norma explícita aplicable a estes dous colectivos, a través da figura da analoxía, á que se refire a Exposición de Motivos do Decreto 31 de maio de 1974 que aprobou o Texto Articulado do Título Preliminar do Código Civil: *“non presupon a falta absoluta dunha norma, senón a previsión pola mesma dun suposto determinado, defecto ou insuficiencia que se salva se a razón derivada do fundamento da norma e dos supostos expresamente configurados é extensible por consideracións de identidade ou similitude ao suposto non previsto”.* Condiciónase así a aplicación do método analóxico á existencia dunha verdadeira lagoa legal e á similitude xurídica esencial entre o caso que se pretende resolver e o xa regulado, debendo acudirse para resolver o problema ao fundamento da norma e ao dos supostos configurados.

A actual redacción do Título Preliminar do Código Civil recoñece expresamente a analoxía como método de integración, ao fixar o artigo 4.1 do devandito texto legal, que *“procederá a aplicación analóxica das normas cando estas non contemplen un suposto específico, pero regulen outro semellante entre os que se aprecia identidade de razón”.*

E así, o artigo 2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro establece que: *“1. Este Estatuto aplícase ao persoal funcionario e no que proceda ao persoal laboral ao servizo das seguintes Administracións Públicas:... c) As Administracións das entidades locais”.* E no artigo 7 do mesmo texto legal: *“O persoal laboral ao servizo das Administracións públicas réxese, ademais de por a lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos deste Estatuto que así o dispoñan”.*

Pola súa parte o artigo 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia regula que: *“A presente lei aplícase ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das seguintes administracións públicas: b) As entidades locais galegas”.*

Tendo en conta o anterior, o artigo 136 da Lei do Emprego Público de Galicia regula as retribucións básicas, sinalando no punto 2: *“As retribucións básicas están integradas única e exclusivamente por: b) Os trienios, que consisten nunha cantidade, que será igual para cada subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña subgrupo, por cada tres anos de servizo no corpo ou escala”.*

Á vista do exposto, resta por intergrar ao persoal dos colectivos de limpeza e mantemento eléctrico no grupo de clasificación profesional ou subgrupo que proceda para determinar a contía a abonar mensualmente en concepto de antigüidade na Administración. E para iso, novamente cómpre, a falta de norma explícita, aplicar unha norma supletoria, neste suposto o Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Teo ao tratarse de persoal laboral. Atendendo ás categorías de limpador/a no suposto do servizo de limpeza e de oficial 3ª e peón especialista no de mantemento eléctrico do persoal afectado polo Acordo asinado o 27 de xullo de 2021, os mesmos poden incluírse no grupo Agrupación profesional.

SEXTO. Polo que respecta ao fondo social ao que se refire o punto 4 do Acordo asinado o 21 de xullo de 2021: *“A partir do momento da sinatura deste acordo, as persoas traballadoras subrogadas poderán solicitar axudas persoais con cargo a un fondo social propio constituído co 1% da masa salarial total do persoal subrogado”*, cómpre sinalar que na actualidade o Concello de Teo non conta cun instrumento xurídico aplicable ao colectivo de persoal afectado por aquel Acordo, como si acontece co persoal funcionario e laboral ao que lle resulta de aplicación o Regulamento de acción social para os traballadores e traballadoras do concello de Teo (DOG nº 72, de 16 de abril de 2013).

En consecuencia, e como no anterior apartado, cómpre acudir ao disposto no artigo 4.1 do Código Civil e aplicar analoxicamente o citado Regulamento de acción social.

Tendo en conta as consideracións técnicas e xurídicas expostas, **INFORMO**

PRIMEIRO. Que procede o incremento das retribucións salariais do persoal que se sinala a continuación na porcentaxe do 0,9% ao abeiro do previsto no apartado Dous do artigo 18 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, e con data de efectos do 1 de xaneiro de 2021.

CEPEDA DUARTE, MARÍA MERCEDES

COBAS REY, ODÓN

COMPANY BORONAT, JOAQUÍN

ESTÉVEZ ARES, FERNANDO

FERNÁNDEZ GARCÍA, LUCÍA

FERRO PISOS, ENRIQUE

GONZÁLEZ AGRA, MARÍA LUISA

LÓPEZ VÁZQUEZ, ÁNGEL

MARTÍNEZ PEREIRA, MARÍA DEL CARMEN

OLIVEIRA FUENTES, JUAN PABLO

PAYNO PARDO, JOSÉ MANUEL

REY IGLESIAS, MARÍA ISABEL

REY TRIGO, MARINA

RIVAS GUERRERO, JOSÉ

RODRÍGUEZ BARREIRO, AGUSTÍN

ROSENDE DOMÍNGUEZ, EVA MARÍA

ROSENDE DOMÍNGUEZ, MÓNICA

SOUTO FUENTES, MANUEL

SUEIRAS FIEIRO, JOSÉ IGNACIO

VÁZQUEZ CARBIA, JESÚS MANUEL

VÁZQUEZ SÁNCHEZ, JESÚS

VILAR BARREIRO, MARÍA CONCEPCIÓN

VIÑO VAAMONDE, MARÍA TERESA

SEGUNDO. Que procede o incremento das retribucións salariais do persoal das Escolas Infantís Municipais de conformidade co previsto no apartado C) do Anexo II do XII Convenio colectivo de centros de asistencia y educación infantil (BOE nº 178, do 26 de xullo de 2019):

Categoría profesional	Salario base	C.P.P.
915 Director/a	1.508,66 €	
1151 Director/a pedagógico/a	1.508,66 €	
604 Educador/a infantil	1.122,00 €	22,33 €
591 Auxiliar	1.020,00 €	16,32 €
605 Asistente infantil	1.020,00 €	16,32 €
898 Administrativo/a	1.020,00 €	16,32 €
1152 Persoal de cociña	1.020,00 €	16,32 €
1153 Persoal de limpeza	1.020,00 €	16,32 €
1154 Persoal de servizos	1.020,00 €	16,32 €

TERCEIRO. Que á vista dos datos que obran neste Departamento de Recursos Humanos e dos expostos no presente informe, cómpre recoñecerlle ao seguinte persoal o cumprimento de trienios na contía e nas datas que se sinalan a continuación con data de efectos económicos desde o 1 de agosto de 2021:

EMPREGADO/A	DATA CUMPRIMENTO	TOTAL TRIENIOS	GRUPO	CONTÍA
CEPEDA DUARTE, MARÍA MERCEDES	30.06.2021	1	AP	14,78 €
COBAS REY, ODÓN	27.04.2021	1	AP	14,78 €
COMPANY BORONAT, JOAQUÍN	01.07.2020	1	AP	14,78 €
FERNÁNDEZ GARCÍA, LUCÍA	30.06.2021	1	AP	14,78 €
MARTÍNEZ PEREIRA, MARÍA DEL CARMEN	01.07.2020	1	AP	14,78 €
OLIVEIRA FUENTES, JUAN PABLO	01.07.2020	1	AP	14,78 €
REY IGLESIAS, MARÍA ISABEL	01.07.2020	1	AP	14,78 €
ROSENDE DOMÍNGUEZ, EVA MARÍA	01.07.2020	1	AP	14,78 €
ROSENDE DOMÍNGUEZ, MÓNICA	01.07.2020	1	AP	14,78 €
SOUTO FUENTES, MANUEL	27.04.2021	1	AP	14,78 €
VILAR BARREIRO, MARÍA CONCEPCIÓN	01.09.2020	1	AP	14,78 €
VIÑO VAAMONDE, MARÍA TERESA	01.07.2020	1	AP	14,78 €

CUARTO. Que procede a apertura do prazo para a presentación de instancias do Fondo de Acción social que se estenderá dende o 1 de xaneiro ao 31 de xaneiro de 2022, e referidas a feitos causantes comprendidos no período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano anterior ao da petición, consonte ao disposto no punto 8.1 do Capítulo I do Regulamento de acción social para os traballadores e traballadoras do concello de Teo (DOG nº 72, de 16 de abril de 2013).

Este é o meu informe que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito, en Teo, na data da sinatura dixital.

A técnica de Recursos Humanos

Elsa Raquel Gómez Gómez”

“INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO. RATIFICACION ACORDO TRANSITORIO PERSOAL SUBROGADO

LEXISLACION APLICABLE

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Real Decreto Legislativo 5 /2015,de 30 de outubro, Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores

Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Acordo Regulador do persoal laboral do concello de Teo(BOP de 26/04/2010)

ANTECEDENTES

-Acta da Mesa de Negociación do persoal laboral do concello de Teo, celebrada o 21/06/2021, na que se acorda, entre outros, que a partires de xaneiro de 2022, os traballadores subrogados terán os incrementos salariais que correspondan aos traballadores municipais (non os que fixen os seus convenios de orixe) así como o acceso ao fondo de acción social.

-Providencia da Alcaldía de data 13/09/2021.

-Informe da técnico de RRHH de data 08/11/2021 emitido ao respecto.

Vistos os antecedentes e a normativa aplicable que antecede, como interventora, considero oportuno emitir o seguinte **INFORME** :

Primeiro.- Actualmente no concello de Teo, existen 57 traballadores que son persoal subrogado a partir dos distintos procesos de asuncion da xestion directa dos servizos, tal e como se recolle na acta da Mesa de Negociación do persoal laboral de data 21/06/2021, e que afecta aos seguintes servizos:

-Servizo de abastecemento de auga.

-Servizo de mantemento de zonas verdes.

-Servizo de limpeza de edificios.

-Servizo de mantemento eléctrico.

-Servizo de Escolas infantis municipais.

O persoal subrogado ten carácter de indefinido non fixo e os seus dereitos retributivos se regulan polos convenios colectivos de orixe en tanto ditos convenios non sexan superados.

Segundo.- Polo que respecta o recoñecemento da antigüidade, da lectura do informe da técnico de RRHH se desprende unha proposta de incremento de acordo coa Lei de Orzamentos Xerais do Estado, coa finalidade de ir equiparando a este persoal co resto do persoal laboral do concello. Pois ben, a xuízo desta intervención o persoal subrogado ten dereito ao recoñecemento de novos trienios pero non debería de darselle tratamento de persoal laboral "propio" en tanto non sexan superados os procesos selectivos que os convirían en persoal laboral fixo.

Terceiro.- En canto ao acceso ao fondo de acción social, tendo e conta que no ámbito subxectivo do Regulamento de Acción social do concello de Teo se recolle o persoal laboral, enttende que estes traballadores teñen dereito a dito fondo, pero antes deberán de superar os correspondentes procesos selectivos para equipararse co resto de persoal.

Cuarto.- Finalmente, ambos acordos que implican a asunción de novas obrigas económicas por parte do concello deberán adoptarse baixo condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondente bolsas de vinculación xurídica.

CONCLUSIONS

Da lectura do apartados anteriores se desprenden a seguintes conclusións:

A xuízo desta intervención, o persoal subrogado ten dereito a percibir novos trienios e ao fonde de acción social, pero previamente deberán superar os procesos selectivos para acceder ao emprego público dacordo cos principios de igualdade, merito e capacidade.

Isto e canto considera necesario informar a funcionaria que suscribe. Dese conta ao Pleno da Corporación coa finalidade de que adopte o acordo que estime pertinente.

Teo, 13 de decembro de 2021.

A interventora

Mónica Isabel Lado Varela"

"INFORME SECRETARÍA

De acordo co solicitado polo Alcaldía, e ao abeiro do disposto no artigo 3.3 a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítase o presente que versa sobre a **RATIFICACIÓN DO ACORDO TRANSITORIO DE XESTION DO PERSOAL SUBROGADO**, en base aos extremos que se deducirán dos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- “Acta da sesión celebrada o 21 de xullo de 2021 da mesa de negociación do persoal laboral ao servizo do Concello de Teo”. Da acta citada despréndese que na sesión indicada a mesa de negociación aprobou o “acordo transitorio de xestión de persoal laboral subrogado polo concello de Teo”.

2.- Informe da técnica de recursos humanos, do 8 de novembro de 2021, sobre aplicación do acordo transitorio de xestión do persoal subrogado na sesión da mesa de negociación do persoal laboral de 21 de xullo de 2021.

3.- Proposta da Alcaldía sobre a ratificación do acordo transitorio de xestión do persoal laboral subrogado, do 8 de novembro de 2021.

4.- Informe de Intervención sobre ratificación acordo transitorio persoal subrogado, do 13 de decembro de 2021.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto dos traballadores (TRET).
- Directiva 2001/23/CE do Consello, do 12 de marzo de 2001, sobre aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas ao mantemento do dereitos dos traballadores no caso de traspasos de empresas, de centros de actividade ou de partes de empresas ou de centros de actividade (Directiva).
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 (LOXE 2021).
- R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Regulamento orgánico da Corporación municipal de Teo (ROM).
- Convenio colectivo do Concello de Teo (BOP nº 76, de 26/04/2010).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. Subrogación de persoal.- En primeiro lugar resulta preciso salientar que a subrogación de persoal nos chamados procesos de remunicipalización, lonxe de ser pacífico, é un tema moi controvertido e de enorme complexidade práctica, que dou lugar a múltiples pronunciamentos xudiciais, tanto internos como comunitarios, en ocasións discrepantes. Neste senso, antes de entrar no análise da “*Proposta da Alcaldía relativa á ratificación do acordo transitorio de xestión do persoal laboral subrogado*”, resulta preciso contextualizar o tema e abordar, resumidamente, a problemática do persoal subrogado. A estes efectos cabe salientar que, mediante informe de Secretaría de 17 de agosto de 2018, a que subscribe, no marco do expediente relativo á xestión directa do servizo de escolas infantís, analizou a temática da subrogación do persoal. Se ben o citado informe se refería, especificamente, a dita ámbito material (escolas infantís), o análise que incorpora é perfectamente extrapolable ao persoal subrogado en xeral.

De acordo co exposto, reproducense a continuación as partes do informe citado que poidan resultar de interese aos efectos do presente.

Así, segundo o citado informe:

“Terceiro. Reversión dos servizos: sucesión e réxime xurídico do persoal subrogado.- Ante a posibilidade de que revertan na Administración Pública algunhas actividades ata o momento descentralizadas e asumir a súa xestión de forma directa, xorden de maneira inmediata dúbidas sobre os efectos xurídico laborais que poden derivarse deste tipo de decisións.

A primeira das cuestións que se plantexa é se as decisións que adoptan as Administracións Públicas, en relación coa reversión do servizos previamente externalizados, implican que estas deban subrogarse na posición das empresas que ata ese momento viñan prestando os servizos en cuestión respecto aos traballadores adscritos ao mesmos e, no caso de que así sexa, a segunda cuestión que xurde é como cohonestar o mantemento das relacións laborais e a subrogación nas mesmas polo suxeito que se encarga da realización do servizo cos principios que rexen o acceso ao emprego público e cal sería a natureza do vínculo ou contrato que ligaría a estes traballadores coa Administración Pública implicada e que condicións de traballo resultarían aplicables.

(...)

Cuarto. Subrogación de persoal.-

(...)

Segundo o artigo 44.1 do TRET o cambio de titularidade dunha empresa, dun centro de traballo ou dunha unidade produtiva autónoma non extingue por si mesmo a relación laboral, quedando o novo empresario subrogado nos dereitos e obrigas laborais e de Seguridade Social do anterior, incluíndo os compromisos de pensións, nos termos previstos na súa normativa específica, e, en xeral, cantas obrigas en materia de protección social complementaria adquirira o cedente.

(...)

Constatada a concorrencia nos termos analizados dun suposto de sucesión de empresa, hai que ter en conta as previsións que a tal efecto se conteñen no artigo 44 do TRET, nos termos que se detallan a continuación:

- Sen prexuízo do establecido na lexislación de Seguridade Social, o cedente e o cesionario, nas transmisións que teñan lugar por actos inter vivos, responderán solidariamente durante tres anos das obrigas laborais nadas con anterioridade á transmisión e que non foran satisfeitas.

O cedente e o cesionario tamén responderán solidariamente das obrigas nadas con posterioridade á transmisión, cando a cesión fose declarada delito (art. 44.3 TRET).

- Agás pacto en contrario, establecido mediante acordo de empresa entre o cesionario e os representantes dos traballadores unha vez consumada a sucesión, as relacións laborais dos traballadores afectados pola sucesión seguirán rexéndose polo convenio colectivo que no momento da transmisión fora de aplicación na empresa, centro de traballo ou unidade produtiva autónoma transferida.

Esta aplicación manterase ata a data de expiración do convenio colectivo de orixe ou ata a entrada en vigor doutro convenio colectivo novo que resulte aplicable á entidade económica transmitida (art. 44.4 TRET).

(...)

Quinto. Acceso ao emprego público: principios de igualdade, mérito e capacidade e natureza xurídico do vínculo contractual do persoal subrogado.- A suxeición dos supostos de reasunción dos servizos polas Administracións Públicas ás previsións do artigo 44 do TRET plantexa non poucas dúbidas interpretativas dende o punto de vista dos seus efectos, xerando moita controversia no ámbito das Administracións Públicas, tendo en conta que a incorporación ao mundo administrativo de institucións directamente establecidas no ámbito laboral sempre resulta complicada.

A principal problemática que se plantexa é como cohonestar o mantemento das relacións laborais e a subrogación nas mesmas polo suxeito que se encarga da realización do servizo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade que rexen o acceso ao emprego público.

En todo caso esta circunstancia quizais non debería ser argumento suficiente para plantexar, no caso de que concorran as circunstancias do artigo 44 do TRET, a inaplicabilidade do mesmo, xa que a súa finalidade é garantir a estabilidade do emprego e dos dereitos dos traballadores que puideran verse afectados ante unha sucesión empresarial como é o suposto analizado no presente.

Non se pode descoñecer que nos casos de sucesión de empresa se está producindo un acceso ao emprego público que non se axusta aos procedementos establecidos, nin respecta os principios constitucionais citados, porén, como ten salientado a xurisprudencia comunitaria, o

carácter de Administración Pública non exclúe a aplicación da normativa protectora sobre transmisión de empresas.

Tal e como establece o TRET, os traballadores afectados conservan as condicións laborais que desfrutaban con anterioridade (salarios, tempo de traballo, etc) e continúan incluídos no ámbito de aplicación do convenio colectivo de orixe ata a data da súa expiración ou ata a entrada en vigor dun novo convenio que resulte aplicable. Polo tanto, a reversión do servizo na Administración non debería afectar ao estatus laboral dos traballadores, subrogándose esta última “nos dereitos e obrigas laborais e de Seguridade Social” do anterior empresario (art. 44.1 do TRET).

Sen prexuízo do exposto o problema fundamental non estriba nas condicións de traballo, senón na posición contractual dos traballadores adscritos ao servizo que reverte á Administración. Lonxe de tratarse dunha cuestión resolta, a pretendida compatibilidade entre a protección da estabilidade dos traballadores adscritos á unha contrata anterior establecida polas normas comunitarias e internas e o respecto aos principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade, que veñen e esixir a superación dunhas probas obxectivas para consolidarse nas plantillas das Administracións Públicas correspondentes, podería abordarse coa aplicación analóxica da figura do traballador indefinido non fixo de plantilla na Administración Pública reversora, figura de creación xurisprudencial (STS de 30/09/1996. Rec. 83/1996) posteriormente recollida nos textos legais (arts. 8.2c) e 11.2 TREBEP e art. 26 LFPG, que distinguen, dentro do persoal laboral, ademais dos temporais, os traballadores fixo e os indefinidos).

Esta creación xurisprudencial trata, en orixe, de conciliar as consecuencias previstas no artigo 15 do TRET sobre a adquisición de fixeza por fraude na contratación temporal cos principios que rexen o acceso ao emprego público (igualdade, mérito e capacidade). Tal e como aclarou o TS nas sts. de 20/01/1998 e de 21/01/1998 (rec. 317/98 e 315/98), a expresión alude a que o contrato non está suxeito a termo, por iso é indefinido, pero os traballadores non se integran na plantilla, senón que cesarán cando se produza a cobertura definitiva do posto de traballo a través dos procedementos legais (de aí que non sexa fixo) ou se amortice a praza, e nese momento, segundo sostivo a xurisprudencia máis recente, o traballador terá dereito a percibir a indemnización propia dos despidos por causas organizativas dos artigos 52 e 53 do TRET.

Esta posibilidade xa foi mantida nalgunhas sentenzas de Tribunais Superiores de Xustiza, tales como as sts. do TSX de Canarias/As Palmas, do 16 de xaneiro de 2009 (rec. 129/08) e do 12 de abril de 2010 (rec. 298/10), do TSX de Castela-León, Valladolid, do 9 de novembro de 2011 (rec. 1963/11) ou do TSX de Andalucía, Granada, do 20 de setembro de 2013 (rec. 1528/12), que afirma que “*ao tratarse dunha Administración Pública a readmisión non sería como traballador fixo, senón como indefinido ata a cobertura da praza de maneira regulamentaria ou amortización da mesma*”.

Esta figura contractual manteríase no tempo ata que o posto se amortizara ou se procedera a súa cobertura definitiva polo procedemento correspondente, momento no que o traballador, no caso de que concorrera e superara o correspondente proceso selectivo, accedería ao posto como traballador fixo, extinguíndose o seu contrato, no caso de non superar o proceso e ser ocupado por outro ou no caso de amortización, co correspondente dereito á indemnización prevista nos artigos 52 e 53 do TRET para os despidos obxectivos por causa organizativas (St. TS do

28/03/2017 (rec. 1664/2015), para os supostos de cobertura de praza; e Sts. TS do 24/06/2014 (rec. 2013/217) e de 29/10/2014 (rec. 1765/2013), para os supostos de amortización de praza).

En todo caso, a aplicación da figura do traballador indefinido non fixo de plantilla, plantexa problemas de difícil solución, xa que se ben se respectarían os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, conculcaríase o mandato protector da Directiva comunitaria, pois estes traballadores terían consolidado na anterior empresa contratista ou concesionaria privada o seu vínculo contractual como “*contrato de traballo indefinido fixo de plantilla*” que por mor da transmisión se convertería en “*contrato de traballo indefinido non fixo de plantilla*” incumprindo así co necesario mantemento do contrato co mesmo alcance que este tivera antes da transmisión, sen esquecer así mesmo que a figura do indefinido non fixo é una consecuencia xurídica que xurde, tras unha reclamación xudicial previa, coa sentenza xudicial firme que recoñeza unha situación laboral de carácter indefinido (art. 28 LEPG).

Sexto. Limitacións da LOXE 2018.- Se de acordo co exposto ata o de agora a situación da sucesión empresarial no ámbito das Administracións Públicas e a conseguinte creación das prazas correspondentes é de por si complexa, a situación complicase máis se cabe se se teñen en conta as limitacións que nos últimos anos se veñen recollendo nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e, aos efectos do presente, na correspondente á anualidade en curso (art. 19 da LOXE), en orden á incorporación de persoal ao sector público, limitacións que fan practicamente imposible a consolidación de prazas e abocan, tamén neste caso, a unha solución igual ou similar á proposta de “indefinido non fixo”, iso sen esquecer en ningún momento as previsións contidas así mesmo na disposición adicional cuadraséxima terceira da citada Lei en relación á esixencia de responsabilidades nas Administracións Públicas e entidades dependentes das mesmas pola utilización da contratación laboral, en canto á posible utilización irregular do mecanismo da sucesión de empresas.

Así mesmo cabe ter en conta que, segundo o establecido no artigo 19 dous da LOXE 2018 non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como o nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos excepto nos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

(...)”

De acordo con todo o exposto no informe parcialmente transcrito, formúlense no mesmo as correspondentes conclusións que, polo que interesa aos efectos do presente, concretanse en que na “*medida en que a subrogación do persoal debe en todo caso compatibilizarse cos principios básicos de acceso ao emprego público, a asunción dos traballadores ten que ser con carácter de temporalidade, debéndose proceder, respectándose en todo caso as limitacións recollidas na LOXE 2018, a creación e cobertura das prazas que resulten precisas para o funcionamento do servizo asumido*”.

(....)

SEGUNDO. Proposta da Alcaldía de ratificación do acordo transitorio do persoal subrogado.- Segundo a Proposta da Alcaldía de ratificación do Acordo transitorio de xestión do persoal subrogado o acordo que se pretende adoptar é o seguinte:

“1. Aplicación do horario de verán, incluído o período non lectivo de vacacións de Nadal, ao conxunto dos traballadores e traballadoras subrogados a partir da aprobación deste acordo, do 50% no 2021 (do 1 de agosto ao 15 de setembro) e do 100% no 2022 (16 xuño a 15 setembro). Deberá terse en conta que, dependendo dos servizos, a aplicación será temporalmente directa (nas datas sinaladas) ou implicará a correspondente redución no cómputo anual de horas traballadas.

2. Aplicarase a cada persoa traballadora unha redución anual de 1h semanal de traballo a partir do 1 de xaneiro de 2022, ata que cada un dos traballadores e traballadoras quede equiparado na súa xornada de traballo aos traballadores e traballadoras municipais.

3. A partir de xaneiro de 2022, as persoas traballadoras subrogadas terán os incrementos salariais que correspondan aos traballadores e traballadoras municipais (non os que fixen os seus convenios de orixe). A aqueles colectivos que non experimentaran ningún tipo de subida salarial no ano 2021, aplicaráselles con carácter retroactivo o incremento salarial establecido para os traballadores e traballadoras municipais no ano 2021.

Co obxecto de corrixir situacións claramente discriminatorias, aquelas persoas traballadoras subrogadas que non acaden o 80% das retribucións que recibirían se lles fose de aplicación o convenio municipal, verán incrementado o seu salario anualmente nunha porcentaxe tal (sobre o incremento xeral do resto das persoas traballadoras) que garanta acadar o tope salarial do 80% sobre o convenio municipal no ano 2027. Este incremento repartirase regular e equitativamente durante os anos do proceso.

4. A partir do momento da sinatura deste acordo, as persoas traballadoras subrogadas poderán solicitar axudas persoais con cargo a un fondo social propio constituído co 1% da masa salarial total do persoal subrogado.

5. As persoas traballadoras subrogadas que non conten con antigüidade recoñecida nos seus convenios de orixe, comezarán a partir da sinatura deste acordo a percibir retribucións correspondentes aos trienios (equivalente ao 100% do trienio persoal laboral do concello) que lles correspondan, formalizados dende a data na que o concello asumiu a xestión directa do seu servizo.

6. Aplicaranse en base aos convenios de orixe que así o establezan, a posibilidade de promoción profesional nos prazos que o convenio estipulen.

7. Conforme ao acordado pola Mesa xeral de negociación, no que respecta a calendario, permisos e licenzas serán de aplicación as condicións recollidas no convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Teo”.

Obra no expediente a “acta da sesión celebrada o 21 de xullo de 2021 da mesa de negociación do persoal laboral ao servizo do Concello de Teo”, cuxo punto primeiro refírese ao “estudo e sinatura se procede, do acordo transitorio de xestión do persoal subrogado”. Segundo a citada acta, finalizado o debate e realizada a votación, “*resulta aprobado o acordo*” transitorio de xestión do persoal laboral subrogado polo concello de Teo.

O acordo en cuestión, incorporado á acta citada, estrutúrase en tres apartados:

- 1.- Consideracións xerais
- 2.- Procesos de subrogación
- 3.- Situación laboral do persoal subrogado

Centrándome no último dos apartado citados, referido á situación laboral do persoal subrogado, cabe salientar que o contido do mesmo ben a coincidir, con carácter xeral, co informado pola que subscribe no informe de 17 de agosto de 2018, e así afirmase que:

*.- O persoal subrogado pola administración municipal está constituído por persoas que traballan **circunstancial e/ou transitoriamente** para a administración local. **Non son traballadores/as da administración pública na medida na que non foron seleccionadas para eses postos mediante procesos selectivos (mérito e capacidade)**, pero son persoas que traballan para a administración de forma circunstancial e/ou transitoria, actuando esta como entidade pagadora e, nesa medida, como entidade empresarial.*

*.- O seu traballo na administración **ten carácter circunstancial** porque o acordo de xestión directa do servizo pode ser modificado polo órgano competente, revertendo o servizo a unha concesión privada. Neste caso a persoa traballadora volvería a ter un contrato, froito da subrogación, coa nova empresa privada concesionaria do servizo. Do mesmo xeito, **o seu traballo retribuído pola administración é transitorio** na medida na que, se ese acordo de reversión non chega a producirse durante a súa vida activa, orixina un posto vacante no servizo que, de ser considerado de carácter estrutural, dará pé a un proceso de libre concorrência. Neste caso, a persoa subrogada cubriu transitoriamente un posto en transición entre a empresa privada e a administración pública.*

Esta circunstancia (persoas que traballan circunstancialmente para a administración, pero non son da administración) determina dúas consecuencias importantes:

- Non están afectadas polos procesos de estabilización derivados da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos xerais do Estado para 2017, que obrigan ás administracións públicas a convocar o 90% por cento das prazas que estiveran ocupadas de forma temporal (cando menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016) ata acadar o obxectivo dunha temporalidade non superior ao 8% do total de efectivos. Deste xeito, ao non ser persoal da administración pública, conservan a “fixeza” dos seus contratos de orixe.



- Non lles pode ser de aplicación o convenio do persoal laboral do concello de Teo ao non ter superado un proceso selectivo que valorase, en libre concorrancia, os méritos e a capacidade. En consonancia coas sentenzas xudiciais que lles afectan, desenvolven o seu traballo “nas mesmas condicións laborais que tiñan nas empresas de orixe”, isto é, reguladas por cada un dos convenios que lle son de aplicación coas debidas actualizacións e coas melloras que sexan froito da negociación colectiva.

Neste sentido, se como consecuencia de estipulación legal ou como resultado dun proceso xudicial resultara de aplicación o convenio municipal, esta aplicación **sería de carácter provisorio e só ata a urxente convocatoria da praza nun proceso de libre concorrancia por mérito e capacidade**, co obxecto de **evitar un acceso fraudulento á cobertura dun posto da administración pública, tal e como quedou sinalado nas actas dos acordos plenarios de subrogación”**.

Con carácter xeral, a que subscribe non pode estar máis de acordo coas afirmacións reproducidas (agás, por exemplo, coa referida á conservación da fixeza dos contratos de orixe), porén o problema xurde cando, rematados os tres apartados descritos e pese, sobre todo, ao contido do terceiro, o acordo desmárcase do afirmado ata ese momento e establece que consecuentemente **“con estas consideracións, pero valorando tamén a obriga ética das administracións públicas de que as persoas traballadoras poidan desenvolver a súa actividade laboral en condicións dignas e con expectativas de superación e mellora profesional, preséntase dende o goberno municipal a seguinte proposta transitoria de xestión de persoal laboral subrogado polo concello de Teo, que se ratifica polos asinantes”** recolléndose a continuación o acordo anteriormente transcrito.

Sen entrar na consideración individualizada de cada unha das propostas de acordo, e analizadas no seu conxunto, a xuízo da que subscribe a forma correcta de obter ditas pretensións, cuxo trasfondo non é outro que aplicar, aínda que sexa parcialmente, o Convenio colectivo do Concello de Teo, sería mediante a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos, sen que a xustificación da actuación proposta, concretada **na obriga ética das administracións públicas de que as persoas traballadoras poidan desenvolver a súa actividade laboral en condicións dignas e con expectativas de superación e mellora profesional”**, xustifique o acordo que se pretende adoptar.

A estes efectos debe terse en conta o previsto no artigo 44.4 do ET segundo o cal **“salvo pacto en contrario, establecido mediante acordo de empresa entre o cesionario e os representantes dos traballadores unha vez consumada a sucesión, as relacións laborais dos traballadores afectados pola sucesión seguirán rexéndose polo convenio colectivo que no momento da transmisión fora de aplicación na empresa, centro de traballo ou unidade produtiva autónoma transferida. Esta aplicación manterase ata a data de expiración do convenio colectivo de orixe ou ata a entrada en vigor doutro convenio colectivo novo que resulte aplicable á entidade económica transmitida”**

En aplicación do recollido neste artigo, no anexo de persoal do Concello de Teo recóllese a normativa convencional que é de aplicación aos traballadores subrogados.

Cabe salientar que, se ben con carácter xeral o convenio vixente para o persoal subrogado nos diferentes servizos municipais segue sendo o aplicable no momento da transmisión, porén, por exemplo, tratándose do persoal das escolas infantís, ante a expiración do convenio de orixe aplicouse o novo convenio que o substituíu, non o Convenio colectivo do Concello de Teo.

Partindo de que, de acordo co recollido no informe de Secretaría de 17 de agosto de 2018, o persoal subrogado pode **asimilarse** á categoría de persoal indefinido non fixo, dita situación non pode manterse indefinidamente, xa que a Administración Pública ten o deber de garantir o acceso ao emprego público en condicións de igualdade, mérito e capacidade. En consecuencia o Concello deberá convocar os correspondentes procesos selectivos para proceder á cobertura das prazas de que se trata de acordo coas regras de acceso ao emprego público. Así o indica o apartado 1 da disposición decimoquinta do TRLET, ao establecer que:

“1. O disposto no artigo 15.1.a) en materia de duración máxima do contrato por obra ou servizo determinados e no artigo 15.5 sobre límites ao encadenamento de contratos surtirá efectos no ámbito das Administracións Públicas e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes, sen perxuízo da aplicación dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público, polo que non será obstáculo para la obriga de proceder á cobertura dos postos de traballo de que se trate a través dos procedementos ordinarios, de acordo co establecido na normativa aplicable.

En cumprimento desta previsión, o traballador continuará desempeñando o posto que viña ocupando ata que se proceda a súa cobertura polos procedementos antes indicados, momento no que se producirá a extinción da relación laboral, salvo que o mencionado traballador acceda a un emprego público, superando o correspondente proceso selectivo”.

De acordo con todo o exposto, a xuízo da que subscribe, o que procedería é a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos para proceder á cobertura das prazas de que se trata de acordo coas regras de acceso ao emprego público respectando sempre as limitacións orzamentarias recollidas na Lei de Orzamentos xerais do Estado.

Este é o meu criterio, sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito, porén o Pleno da Corporación acordará o que estime oportuno.

Teo, a 16 de decembro de 2021.

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz”.

O sr. alcalde explica que traen a ratificar este acordo, que é asinado entre a representación dos traballadores e a Administración local, ratificado tamén pola Mesa Xeral. Responde, fundamentalmente, á necesidade de dar estabilidade administrativa e

estabilidade ás relacións laborais que manteñen en concreto os traballadores subrogados neste caso coa Administración. Sinala que, máis alá do que poida acontecer nun período de ano e medio, no que hai unhas eleccións municipais, o obxectivo é que este acordo perviva e perdure, de aí a ratificación do Pleno, e que dea estabilidade ás relacións laborais, moi importantes para o equipo de goberno.

Manifesta o sr. alcalde que é un acordo que beneficia aos traballadores e tamén á Administración, no sentido de dar tranquilidade e saber que se conta cuns profesionais que están desenvolvendo o seu traballo de forma frutífera.

Salienta o sr. alcalde que o acordo ten un equilibrio entre dous dereitos que son irreconciliables, en principio, moi difíciles de compensar, por que ir por un lado supón non ter en conta o contrario. Sinala que se refire por unha parte ao dereito á subrogación dos traballadores, dereito recoñecido por toda a lexislación, tanto europea como española, xa que os traballadores non teñen a culpa de que nun momento determinado a Administración municipal decidira asumir a xestión directa dun servizo, doutra forma esa subrogación mantería esa estabilidade no posto de traballo noutra empresa privada, e doutra banda, tamén importante para o equipo de goberno e que reflicte o sentir da Administración, é que o dereito de ocupar un posto na Administración, con todos os dereitos que confire, por exemplo, o Convenio municipal, esixe superar un proceso de selección onde primen as cualidades e as competencias de cada un dos traballadores.

Explica o sr. alcalde que por iso se fixa no acordo que o soldo dos traballadores se vai a ir incrementando pero ata o tope do 80% dos traballadores municipais, aínda que é certo que hai outras moitas vantaxes que o equipo de goberno considera que fan que sexa un acordo frutífero para eles.

Salienta o sr. alcalde que, para eles, é o único acordo posible porque a outra opción sería sacar as prazas a libre concorrência, e iso si que é certo que deixaría na práctica sen o posto de traballo a moitos deses traballadores que teñen ese dereito de

subrogación, por iso o acordo é un equilibrio entre dúas realidades que presionan a situación polos dous lados.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, manifesta que teñen algunhas dúbidas sobre o acordo proposto, porén non van a contradicir aos traballadores e traballadoras, que decidiron por maioría aceptar esas condicións, polo que se van a abster.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen manifesta que logo de ver a proposta, que foi apoiada na Mesa xeral, e logo de ver tamén o informe da Técnica de RRHH e os outros dous informes, que non son exactamente favorables, pero tendo en conta a dinámica xeral, e que ademais sae no día de hoxe no BOE unha lei para a adopción de medidas urxentes para a eliminación da temporalidade no Sector Público, que mantén un pouco esta liña do acordo que se propón, van apoiar a proposta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen manifesta o apoio do seu grupo á proposta.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con trece votos a favor (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 6 PP) e dúas abstencións (2 BNG), acorda:

- 1. Ratificar o ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL LABORAL SUBROGADO POLO CONCELLO DE TEO recollido na acta da sesión do 21 de xullo de 2021 da Mesa de Negociación do Persoal laboral ao servizo do Concello de Teo.**
- 2. Aplicar no presente exercicio os acordos recollidos nos puntos 3 e 5 referidos a aqueles colectivos que non experimentaran neste ano ningunha subida salarial e ás persoas traballadoras que non contan con antigüidade recoñecida nos seus convenios de orixe, previsións xa recollidas nos orzamentos municipais do exercicio 2021.**
- 3. Asumir o compromiso de realizar as previsións orzamentarias necesaria para facer efectivo o ACORDO TRANSITORIO DE XESTIÓN DO PERSOAL LABORAL SUBROGADO POLO CONCELLO DE TEO durante os exercicios da súa vixencia.**

“Acordo transitorio de xestión do persoal laboral subrogado polo concello de Teo

RATIFICADO POLA MESA DE NEGOCIACIÓN DO PERSOAL
LABORAL DO CONCELLO DE TEO

21 DE XULLO DE 2021

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

O concello de Teo completou nos últimos anos diversos procesos político/administrativos que tiveron por obxecto asumir a xestión directa de servizos que viñan sendo desenvolvidos por empresas privadas que resultaran seleccionadas en distintos procesos de licitación da xestión de servizos municipais.

A distinta natureza destes servizos, as diferentes causas que provocaron o inicio dos procesos, a rápida evolución da lexislación no que se refire aos procesos de municipalización e á subrogación das persoas traballadoras, o cambio nas medidas restritivas que en materia económica foron aprobando os gobernos que se sucederon no Estado e a propia secuencia temporal dos procesos, provocaron que nin os acordos políticos nin os procesos administrativos utilizados foran os mesmos.

Se ben a maioría dos convenios de orixe determinaban a obriga da administración municipal de subrogar ás persoas traballadoras se esta se facía cargo da xestión directa dos servizos:

1.- Al remate de la concesión de una contrata, se producirá la subrogación del personal en todos sus derechos y obligaciones siempre que la misma sea para prestar servicios de mantenimiento en las Administraciones Públicas y/o Empresas Públicas en virtud de una concesión administrativa o contrato público y siempre que se cumplan los siguientes requisitos:

- 1.1 Trabajadores en activo que presten sus servicios en dicho centro con una antigüedad de seis meses.
- 1.2 Trabajadores que en el momento del cambio de titularidad de la concesión se encuentren de baja por IT, siempre y cuando prestaran sus servicios en el centro de trabajo objeto de subrogación antes de la suspensión del contrato de trabajo.

as interpretaciones xurídicas da administración municipal determinaron que, aínda que os procesos de sucesión se deron con continuidade laboral (dado que se asumiron de forma cautelar os recursos presentados), na maioría dos casos non se asumise a obriga de subrogación e a xurisdición laboral acabara determinando esa obriga e as condicións das mesmas que, con carácter xeral, establecían:

En virtud de lo expuesto, procede la estimación de la demanda declarando el derecho de la parte actora a ser subrogada por el Concello de Teo, en las mismas condiciones laborales que venía manteniendo con la empresa y se declara el carácter indefinido no fijo de su relación laboral que vincula a la parte actora con el Concello de Teo.

2. PROCESOS DE SUBROGACIÓN

Os procesos de asunción de xestión directa de servizos previamente privatizados, resúmense no seguinte esquema:

A) Servizo de abastecemento e saneamento

Data inicio xestión directa: 01/10/2015

Causa: nulidade prórroga contractual (Empresa de orixe: ViAQUA)

Persoal afectado: 8 persoas: 1 capataz, 3 operarios de instalacións, 3 oficiais de redes e 1 administrativa.

Acordo subrogación: Acordo plenario 30/12/2020 tras sentenza xudicial sobre o proceso

Convenio en aplicación: Convenio colectivo "Viaqua, gestión integral de aguas de Galicia, S.A.U., 2014/2019"

Situación actual do servizo: 8 persoas subrogadas segundo condicións de orixe actualizadas e 3 persoas como persoal municipal laborais interino mediante proceso selectivo: xefe de servizo, electromecánico e oficial de redes.

B) Servizo de mantemento de zonas verdes

Data inicio xestión directa: 18/11/2016

Causa: quebra empresarial (Empresa de orixe: Aníbal Soto)

Persoal afectado: 3 persoas (xardineiros, oficiais 3ª). Xa existía unha cuadrilla de traballadores municipais que superaran procesos selectivos.



Acordo subrogación: sentenzas xudiciais 00197/2017 e 00198/2017 do Xulgado social nº 1 de Santiago de Compostela e da sentenza 00238/17 do Xulgado social nº 3, todas elas do 26 de abril de 2017.

Convenio en aplicación: Convenio colectivo estatal de xardinería (BOE do 9 de febreiro de 2018)

Situación actual do servizo: 3 persoas subrogadas segundo condicións de orixe actualizadas e 7 persoas como persoal municipal laborais fixas mediante proceso selectivo. Unha máis en proceso selectivo.

C) Servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais

Data inicio xestión directa: 01/07/2017

Causa: Remate do contrato e posterior concurso de licitación deserto (Empresa de orixe: Mantelnor)

Persoal afectado: 11 persoas: 3 fixas descontinuas a tempo parcial, 1 fixa a tempo parcial, 5 fixas a tempo variable (redución horaria no verán) e dúas en substitución (que permaneceron ao non producirse a reincorporación)

Acordo subrogación: Sentenzas xudiciais 22/2018, 24/2018, 47/2019 e 48/2019 do Xulgado social núm 1 de Compostela e polas 567/2017-216/2018, 574/2017-187/2018, 474/2018 e 28/2019 do Xulgado social núm. 3 de Compostela .

Convenio en aplicación: Réxense polo convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da Coruña (BOP do 23/03/2017).

Situación actual do servizo: 10 persoas subrogadas segundo condicións de orixe actualizadas (unha das iniciais cesou por vontade propia). As dez persoas traballan a xornada completa, mantendo dúas delas a condición de fixas descontinuas (cesan en xullo e agosto).

D) Servizo de mantemento eléctrico

Data inicio xestión directa: 27/04/2018

Causa: fin da prórroga contractual (Empresa de orixe: Electricidad Cruceiro SL)

Persoal afectado: 2 persoas: 1 peón especialista e 1 oficial de 3ª, un deles a tempo parcial

Acordo subrogación: sentenzas xudiciais 369/2018 do Xulgado social núm. 3 de Compostela e pola sentenza 407/2018 do xulgado social núm. 1. Réxese polo convenio colectivo estatal do sector do metal (BOE 19/06/17)

Convenio en aplicación: Convenio colectivo estatal do sector do metal (BOE 19/06/17)

Situación actual do servizo: Condicións de orixe actualizadas, coas dúas persoas a tempo completo.

E) Servizo de Escolas infantís municipais

Data inicio xestión directa: 01/09/2018



Causa: fin da concesión e cuestións administrativas de urxencia derivadas de cambios legislativos (Empresa de orixe: Aurora, Pilar y Ana SL)

Persoal afectado: 34 persoas (1 xerente/coordinadora, 3 directoras pedagóxicas, 18 educadoras infantís, 1 asistente infantil, 5 auxiliares, 1 persoal de cociña, 2 persoal de limpeza, 1 persoal de servizos xerais, 1 persoal de cociña e limpeza, e 1 administrativa). Destas, 22 tiñan contrato a tempo completo e o resto a tempo parcial con distinto tipo de dedicación.

Acordo subrogación: Acordo plenario da sesión extraordinaria do 22/08/2018

Convenio en aplicación: XII CONVENIO COLECTIVO DE ÁMBITO ESTATAL DE CENTROS DE ASISTENCIA Y EDUCACIÓN INFANTIL

Situación actual do servizo: Condicións de orixe actualizadas, 25 delas a tempo completo

3. SITUACIÓN LABORAL DO PERSOAL SUBROGADO

O persoal subrogado pola administración municipal está constituído por persoas que traballan circunstancial e/ou transitoriamente para a administración local. Non son traballadores/as da administración pública na medida na que non foron seleccionadas para eses postos mediante procesos selectivos (mérito e capacidade), pero son persoas que traballan para a administración de forma circunstancial e/ou transitoria, actuando esta como entidade pagadora e, nesa medida, como entidade empresarial.

O seu traballo na administración ten carácter **circunstancial** porque o acordo de xestión directa do servizo pode ser modificado polo órgano competente, revertendo o servizo a unha concesión privada. Neste caso a persoa traballadora volvería a ter un contrato, froito da subrogación, coa nova empresa privada concesionaria do servizo. Do mesmo xeito, o seu traballo retribuído pola administración é **transitorio** na medida na que, se ese acordo de reversión non chega a producirse durante a súa vida activa, orixina un posto vacante no servizo que, de ser considerado de carácter estrutural, dará pé a un proceso de libre concorrencia. Neste caso, a persoa subrogada cubriu transitoriamente un posto en transición entre a empresa privada e a administración pública.

Esta circunstancia (persoas que traballan circunstancialmente para a administración, pero non son da administración) determina dúas consecuencias importantes:

- Non están afectadas polos procesos de estabilización derivados da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos xerais do Estado para 2017, que obrigan ás administracións públicas a convocar o 90% por cento das prazas que estiveran ocupadas de forma temporal (cando menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016) ata acadar o obxectivo dunha temporalidade non superior ao 8% do total de efectivos. Deste xeito, ao non ser persoal da administración pública, conservan a “fixeza” dos seus contratos de orixe.

- Non lles pode ser de aplicación o convenio do persoal laboral do concello de Teo ao non ter superado un proceso selectivo que valorase, en libre concorrancia, os méritos e a capacidade. En consonancia coas sentenzas xudiciais que lles afectan, desenvolven o seu traballo “nas mesmas condicións laborais que tiñan nas empresas de orixe”, isto é, reguladas por cada un dos convenios que lle son de aplicación coas debidas actualizacións e coas melloras que sexan froito da negociación colectiva.

Neste sentido, se como consecuencia de estipulación legal ou como resultado dun proceso xudicial resultara de aplicación o convenio municipal, esta aplicación sería de carácter provisorio e só ata a urxente convocatoria da praza nun proceso de libre concorrancia por mérito e capacidade, co obxecto de evitar un acceso fraudulento á cobertura dun posto da administración pública, tal e como quedou sinalado nas actas dos acordos plenarios de subrogación.

Consecuentemente con estas consideracións, pero valorando tamén a obriga ética das administracións públicas de que as persoas traballadoras poidan desenvolver a súa actividade laboral en condicións dignas e con expectativas de superación e mellora profesional, preséntase dende o goberno municipal a seguinte proposta transitoria de xestión de persoal laboral subrogado polo concello de Teo, que se ratifica polos asinantes

ACORDO

1. Aplicación do horario de verán, incluído o período non lectivo de vacacións de Nadal, ao conxunto dos traballadores e traballadoras subrogados a partir da aprobación deste acordo, do 50% no 2021 (do 1 de agosto ao 15 de setembro) e do 100% no 2022 (16 xuño a 15 setembro). Deberá terse en conta que, dependendo dos servizos, a aplicación será temporalmente directa (nas datas sinaladas) ou implicará a correspondente redución no cómputo anual de horas traballadas.

2. Aplicarase a cada persoa traballadora unha redución anual de 1h semanal de traballo a partir do 1 de xaneiro de 2022, ata que cada un dos traballadores e traballadoras quede equiparado na súa xornada de traballo aos traballadores e traballadoras municipais.

3. A partir de xaneiro de 2022, as persoas traballadoras subrogadas terán os incrementos salariais que correspondan aos traballadores e traballadoras municipais (non os que fixen os seus convenios de orixe). A aqueles

colectivos que non experimentaran ningún tipo de subida salarial no ano 2021, aplicaráselles con carácter retroactivo o incremento salarial establecido para os traballadores e traballadoras municipais no ano 2021.

Co obxecto de corrixir situacións claramente discriminatorias, aquelas persoas traballadoras subrogadas que non acaden o 80% das retribucións que recibirían se lles fose de aplicación o convenio municipal, verán incrementado o seu salario anualmente nunha porcentaxe tal (sobre o incremento xeral do resto das persoas traballadoras) que garanta acadar o tope salarial do 80% sobre o convenio municipal no ano 2027. Este incremento repartirase regular e equitativamente durante os anos do proceso.

4. A partir do momento da sinatura deste acordo, as persoas traballadoras subrogadas poderán solicitar axudas persoais con cargo a un fondo social propio constituído co 1% da masa salarial total do persoal subrogado.

5. As persoas traballadoras subrogadas que non conten con antigüidade recoñecida nos seus convenios de orixe, comenzarán a partir da sinatura deste acordo a percibir retribucións correspondentes aos trienios (equivalente ao 100% do trienio persoal laboral do concello) que lles correspondan, formalizados dende a data na que o concello asumiu a xestión directa do seu servizo.

6. Aplicaranse en base aos convenios de orixe que así o establezan, a posibilidade de promoción profesional nos prazos que o convenio estipulen.

7. Conforme ao acordado pola Mesa xeral de negociación, no que respecta a calendario, permisos e licenzas serán de aplicación as condicións recollidas no convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Teo.

Teo, a 21 de xullo de 2021 “

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ÁS ENTIDADES LOCAIS.

O sr. alcalde da conta da proposta de 16 de decembro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, normalización lingüística, mocidade e medio natural de 22 de decembro de 2021.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: PROPOSTA DE ACORDO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ÁS ENTIDADES LOCAIS

No Boletín Oficial do Estado número 80 do día 03/04/2021, publicáronse os convenios formalizados entre a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de:

- Subministro de información de carácter tributario ás entidades locais
- Intercambio de información e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais

Actualmente o Concello de Teo está adherido ao convenio de colaboración en materia de subministro de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria das entidades locais formalizado no ano 2003 entre a FEMP e a AEAT.

A publicación dos novos convenios formalizados no ano 2021, foi comunicada a este Concello dende a Inspección coordinadora da Delegación Especial AEAT Galicia, indicando que a non adhesión aos mesmos supón a baixa no procedemento de subministro de información derivado da adhesión ao convenio do ano 2003.

Considerando que o citado convenio de subministro de información ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración mutua e se considera beneficioso para o cumprimento dos respectivos fins, xa que establece un novo marco que regula o subministro estable de información por parte da AEAT ás Entidades Locais.

Tendo en conta que o subministro de dita información permitirá ao Concello dispoñer da información que precisa para o exercicio das funcións de forma máis áxil.

Considerando que o presente convenio formalizado entre a AEAT e FEMP no ano 2021 ven a substituír ao vixentes ata o momento, e que as entidades que se atopan adheridas ao convenio do 2003 non están exentas da adhesión ao novo convenio,

Considerando así, que a adhesión a dito convenio posibilita manter un fluxo de intercambio de información entre a AEAT e o Concello para un mellor funcionamento das actividades desenvolvidas dentro dos servizos administrativos.

Visto o informe da Tesourería municipal de data 13 de decembro de 2021 e o informe de Secretaría de data 16 de decembro de 2021

En virtude do exposto, e de acordo coa normativa aplicable **PROPOÑO:**

Primeiro.: Aprobar a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Axencia Estatal de Administración tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministro de información de carácter tributario do ano 2021. (BOE n.º 80 de data 3 de abril de 2021).

Segundo.: Facultar ao Alcalde para que en nome e representación do Concello de Teo proceda á formalización do protocolo ou documento de adhesión ao citado convenio, así como para a realización dos trámites necesarios para a execución do presente acordo”.

O sr. alcalde explica en que consiste o acordo, que ten a súa base nun Acordo previo entre a FEMP e a Axencia Estatal da Administración tributaria no ano 2003. Sinala que

a publicación dos novos convenios do ano 2021 comunicouse ao Concello, obrigando a ratificar este acordo para non perder as vantaxes que a Administración ten con el.

O sr. alcalde dá lectura a un dos parágrafos do citado Acordo, segundo o cal *“Considerando que o citado convenio de subministro de información ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración mutua e se considera beneficioso para o cumprimento dos respectivos fins, xa que establece un novo marco que regula o subministro estable de información por parte da AEAT ás Entidades Locais”* e explica que a base fundamental é a petición por parte do Servizo de Tesourería para que se levara adiante o convenio para obter esas facilidades nas mesas de contratación e noutros procesos administrativos necesarios.

Preguntado polo sr. alcalde, a/os portavoz/ces dos diferentes grupos non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con trece votos a favor (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 6 PP) e dúas abstencións (2 BNG), acorda:

Primeiro.: Aprobar a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Axencia Estatal de Administración tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministro de información de carácter tributario do ano 2021. (BOE n.º 80 de data 3 de abril de 2021).

Segundo.: Facultar ao Alcalde para que en nome e representación do Concello de Teo proceda á formalización do protocolo ou documento de adhesión ao citado convenio, así como para a realización dos trámites necesarios para a execución do presente acordo.

6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SONdeTEO POLA ELIMINACIÓN DA SUPERSTICIÓN COMO CRITERIO TÉCNICO.

O sr. alcalde da conta da moción do seu grupo de 15 de decembro de 2021 (rex. entrada nº 6458, de 16/12/2021), que se recolle a continuación, ditaminada

favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 23 de decembro de 2021.

“MOCIÓN POLA ELIMINACIÓN DA SUPERSTICIÓN COMO CRITERIO TÉCNICO

(#recuperemoso13)

Pleno ordinario do mes de decembro de 2021

Nos últimos días asistimos escandalizadas a como os medios de comunicación reproducían, sen pudor nin contestación, unha decisión, supostamente técnica -pois supostamente foi tomada pola dirección de obra-, que eliminaba o número 13 das dársenas da nova Estación de Autobuses de Santiago de Compostela por motivos supersticiosos. Esta decisión, avalada ou consentida pola administración responsable da obra, acontece en pleno século XXI e enche de vergoña a unha boa parte da cidadanía.

Resulta inaudito que as administracións responsables do sistema educativo, baseado en criterios racionais e científicos (se obviamos o tema relixioso, claro), acepten e manteñan a superstición como criterio técnico asumindo sen pestanexar decisións contrarias a calquera pensamento científico.

Este feito que pode semellar anecdótico, susténtase sobre os prexuizos que non hai tanto tempo deron lugar á discriminación social, ao repudio, e mesmo á tortura e o asasinato de persoas por motivos que teñen a súa base, exclusivamente, na superstición. Hai pouco máis de 200 anos aínda se queimaba publicamente a persoas (maioritariamente mulleres, acusadas de bruxería) e esta nova decisión, sustentada na ignorancia científica ou na militancia negacionista, supón unha falta de respecto a todas as persoas asasinadas en base a ese integrismo irracional.

Consecuentemente propoñemos ao Pleno:

- 1. Reclamar da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, nomeadamente da Secretaría Xeral Técnica, dependencia tramitadora do expediente de licitación da obra da Terminal de Autobuses integrada na Estación intermodal de Santiago de Compostela, a inmediata recuperación do número 13 na sinalización das dársenas da mencionada estación**
- 2. Solicitar a mencionada Consellería que, no futuro, se absteña de utilizar a superstición como criterio técnico e a elimine de calquera valoración ou decisión”**

O sr. alcalde indica que a presentación da moción ten unha consideración importante para o equipo de goberno, e parte de que calquera persoa é libre de ter as creencias e

as consideracións de fe ou de valoracións persoais que considere e que son moi respectables. En todo caso, as Administracións, en consonancia con un estado que é aconfesional, en principio, non poden asumir como algo natural criterios que van en contra do razoamento científico, e que permiten chegar a aspectos tan afortunados como son o desenvolvemento de vacinas ou calquera outro tema que se presente.

Sinala o sr. alcalde que en xeral hai un dilema entre a ciencia e cuestións que non son para nada científicas e que son asumidas neste caso por unha Administración dun xeito natural e que o equipo de goberno non ve con esa naturalidade. Segue dicindo que despois non se pode estrañar ninguén de que existan negacionistas nas vacinas, posto que é a mesma razón, a superstición, que neste caso mantén algúns criterios, ou que se vexa a xente como se a Administración se basease nos horóscopos, exactamente igual. Manifesta que as Administracións por principio non deben de avalar cuestións que non son para nada científicas e que ademais causan un prexuízo dende o punto de vista educativo, porque, como mestre de ciencia, considera que non se lle pode dicir aos nenos nos institutos unha cousas que logo as Administracións contradín na fixación dos seus criterios.

Salienta o sr. alcalde que algunha persoa pode considerar que non é unha cuestión relevante, pero para o equipo de goberno si ten esa relevancia e ademais, incluso por respecto a persoas que, historicamente, por culpa de cuestións supersticiosas sufriron procesos e persecución, creen que é unha cuestión base que a estas alturas do século XXI se defenda que a superstición non ten sentido nin asunción posible para unha Administración.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, sinala que non entende a teima do PP co número 13, porque primeiro abandona a Génova 13 e agora borra o andén número 13. Espera o sr. Barreiro que, despois de 13 anos, tamén sexan borrados do goberno do país, aclarando que se refire a que sexan borrados democraticamente.

Sinala o sr. Barreiro que pode que a moción non sexa a máis afortunada na súa forma, sobre todo se se ten en conta que Compostela Aberta, que entende que é a organización de referencia de Son de Teo, non leva esta moción ao Pleno da capital, polo que lles sorprende que se presente no Concello de Teo e non no de Compostela. Supón o sr. Barreiro que na bancada do PP dirase que isto é unha cousa sen importancia e que hai cousas máis urxentes nas que traballar, e engade que incluso pode que nunha desas voltas maravilosas coas que agasallan cada Pleno sexan quen de botarlle a culpa disto tamén ao bipartito.

O sr. Barreiro sinala que se pode estar máis ou menos de acordo en se o Pleno deste Concello é o sitio para tratala, mais para el a eiva desta moción non está no que di, senón no que non di. Aclara que a estación Intermodal é un edificio público construído con cartos de todos e de todas, que da servizo a todo o país, incluído ao Concello de Teo, e borrar con criterios absurdos un número é un acto de suprema estupidez polo que pensa que iso non ten ningún debate posible.

Continúa a súa intervención o sr. Barreiro aclarando que cando di que da servizo a todo o país incluíndo ao Concello de Teo mais ben debería dicir que debería darllo, porque é certo que o servizo de transporte público en Teo é un pouco como esta moción, podería afondar un pouco máis nos problemas que afectan á poboación, pero queda un pouco no superficial, en anécdota, así coma o Plan de Transporte da Xunta, que é un pouco *“sombra aquí, sombra alá, maquillaxe, en resumo”*.

Ao sr. Barreiro lle chama a atención que un goberno entre nestas parvadas de supersticións, aínda que non se pode agardar outra cousa dun partido que leva condecorado Virxes, e que gasta en curas os cartos públicos que non quere investir en médicas nin en profesoras.

Sinala o sr. Barreiro que xa que no PP pensan que se vai mellorar o sistema sanitario ou educativo pechando centros de saúde ou aulas de primaria, e por ende despedindo ou precarizando o persoal, e que xa que creen tanto na maxia, suxire que ben podían

polo menos, en vez de saltar o número 13, poñer o andén 9 e tres cuartos, que polo menos daralle gusto ós fans de Harry Potter.

Considera o sr. Barreiro que o problema non é o número 13, senón que o problema é que borraron tamén os autobuses que tiñan que parar na dársena número 13, e en pleno século XXI, nun Concello a 6 km da capital do país, non hai maneira de ter un transporte público efectivo, moderno e eficiente, engadindo que xa non fala de ir de Lampai a Luou, senón de Lampai a Santiago de Compostela.

Pregunta se saben cantas frecuencias hai nesa parroquia, ou se saben cantas hai dende Recesende, e indica que ese é o problema, un transporte público inexistente e inutilizable para a maior parte das veciñas e dos veciños de Teo.

O sr. Barreiro sinala que se poden comprobar os horarios na web do Concello, se é que alguén os entende, porque el ten lido obras de Kant que lle parecen bastante menos complexas que estes horarios.

Sinala o sr. Barreiro que efectivamente pode que non sexa especialmente interesante esta moción polo que di, pero si polo menos polo que se albisca detrás das súas accións de goberno. Di que o que sinala esta moción é máis un *modus operandi* que outra cousa, un *modus operandi* da incompetencia, da improvisación, do populismo, porque é o que se está a facer, populismo, o cal se demostra con medidas tan absurdas como esta, que non é senón un retrato en forma de parodia do goberno que sofren neste momento os galegos e as galegas.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que esta moción podería ser sobre o Transporte metropolitano, pero ven dunha nova do xornal A Voz de Galicia na que se informa de que non existe a dársena número 13 na Intermodal de Compostela. Anuncia que o seu grupo non vai a apoiar a proposta por fondo e forma. En primeiro lugar, explica, considera que non é un tema de competencia plenaria do Concello de Teo, que se podería discutir o Transporte metropolitano todo o que sexa necesario, pois pensa ademais que todos os presentes están de acordo no seu mal

funcionamento en Teo, pero non lle parece de recibo que se estea a discutir no Pleno sobre a existencia da dársena número 13 na Intermodal de Santiago de Compostela, polo tanto non so non van a apoiar esta proposta, senón que ademais van a votar en contra da mesma. Anuncia, ademais, que non vai a facer segunda intervención porque se nega a gastar un minuto máis neste tema.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que, con todos os seus respectos, non entende como, coa que está caendo, se trae esta moción a un Pleno dun Concello, como ben dixo a compañeira do PSOE, que non é nin sequera competencia do Concello de Teo.

Considera que, por esa regra, o sr. alcalde pode presentar tamén unha moción sobre Iberia, ou calquera compañía aérea, porque non teñen o número 13. Máis alá das posicións persoais da superstición, de que se pode estar de acordo ou non, cree que de verdade hai que ser máis serios e ocuparse doutro tipo de cuestións, porque o sr. Sisto é o alcalde de Teo, non de Santiago nin de ningún outro sitio. Continúa dicindo que o sr. alcalde non pediu un cribado, por exemplo, poblacional, polo COVID, executar o orzamento, arranxar fochancas, un sinfín de cousas, e agora atrévese a vir con isto ao Pleno. Insiste en que non o acaba de entender e opina que non é o sitio para dirimir isto e tampouco ve, aínda que saia adiante, en que repercutiría positivamente nos veciños de Teo, engadindo que cree que en nada. Anuncia a sra. Calvo o voto en contra do seu grupo.

O sr. alcalde sinala, sen pretensión de entrar en debate, que só desexa aclarar dúas cousas. Dunha banda, que a estación Intermodal non é de Santiago senón de toda persoa que a vai utilizar, é de transporte comarcal, e de feito non a fixo o Concello de Santiago senón a Xunta de Galicia, aínda que está situada en Santiago. Doutra banda explica que, no que se refire a cousas importantes, o feito de que haxa cuestións máis importantes que esta non quere dicir que non se poida debater esta, pensa que se

teñen debatido bastantes cousas que poden ser tan ou menos efímeras que esta, que para el é unha cuestión moi importante, probablemente porque é profesor de ciencias.

Preguntado polo sr. alcalde e manifestando os distintos grupos que non faran uso da mesma, non se apertura unha segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con tres votos a favor (3 Son de Teo), dez en contra (6 PP e 4 PSdeG-PSOE) e dúas abstencións (2 BNG), acorda rexeitar a moción de Son de Teo, de 15 de decembro de 2021 (rex. entrada nº 6458, de 16/12/2021), pola eliminación da superstición como criterio técnico.

7.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto oitavo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A/o concelleira/o do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Barreiro explica que en Texexe hai unha pista, na zona de Gandamil, e os veciños reclaman que se lle asfalte, pois parece ser que xa llo prometera a sra. Lemus.

O sr. alcalde pide que aclare a ubicación á que se está referindo o sr. Barreiro, respondendo este que non a sabe exactamente, pero que entende que a sra. Lemus coñecerá onde é, posto que ao parecer prometeulle a esa veciñanza que a ían asfaltar.

O sr. Iglesias di que se mirará.

2.- O sr. Barreiro sinala que con respecto ás pistas de servizo da autovía, un tema moi recorrente no Pleno, as sinalizacións da estrada están borradas e os sinais están

tapados pola maleza, polo que no sabe se se debería reclamar á Xunta para que poña iso en orde porque hai bastante xente que as utiliza para facer deporte e é unha zona un pouco perigosa en xeral.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

As/os concelleiras/os do PSOE formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Lemus manifesta que, no día de hoxe, lles avisaron algunhas nais do alumnado de Patinaxe, de que ao parecer chamaron ao Concello por mor dunha caída dunha nena que tivo unha lesión no pavillón da Ramallosa, preguntando pola posibilidade de arranxo. A sra Lemus di que entende que o compromiso é levar o proxecto da cuberta da Ramallosa ó POS e pregunta se se está facendo o proxecto.

O sr. Igrexas asinte.

A sra. Lemus pregunta se, mentres tantos, hai algunha previsión para o caso de que sigan tendo goteiras, para evitar maiores perigos, engadindo que tamén están as familias preguntando se é o sitio máis axeitado para facer patinaxe.

O sr. Igrexas explica que o tema é que o pavillón da Ramallosa está construído sobre unha lagoa, antes existía unha especie de poza, e fíxose o pavillón logo de facer un desmonte. Entón o problema non é que chova de arriba, senón a humidade, que filtra, durante poucos días ó ano, pero algúns si, o cal implica que o chan estea húmido. A condensación de todo ese espazo é importante. Continúa a explicar que iso acontece dende que se fixo, e a única solución sería derribar o pavillón e facer outro, polo que se trata dunha solución complexa. Reitera o sr. Igrexas que o problema é a construción do edificio nun espazo inadecuado.

O sr. Igrexas di que descoñece con quen falou a persoa interesada e sinala que non tiña coñecemento desa chamada e que si que falou co Clube de patinaxe de Teo, e que o Clube non respalda esta queixa porque eles son conscientes de que iso acontece. Aclara que se lles prestou con esas condicións, porque era o que se podía prestar nesta semana. Explica que a semana vindeira van a Calo pero ata esa semana o de Calo, en principio, estaba ocupado, entón, os técnicos do departamento de Deportes distribuiron os espazos.

En canto á situación de que pode ter ramas, pedras e demais, explica que os pavillóns de Teo utilízanos os coles para facer ximnasia, e aínda que evidentemente os pavillóns límpanse, cando entran trinta nenos cos zapatos de afora pois é probable que vaian areas e determinado tipo de materiais. Aclara que iso o Club o sabe e, antes de patinar, as monitoras teñen o compromiso de pasar a mopa, porque é a única forma.

Pensa o sr. Igrexas que, xusto antes de patinaxe, hai fútbol e ademais os pavillóns estanse a utilizar todo o día, entón a xente de patinaxe, se precisa ese plus a maiores pois teñen que pasar a mopa. Aclara que hai patinaxe nos tres pavillóns ao longo do curso, en Ramallosa, Tilos e Calo, simultaneamente, entón non hai outra alternativa, e o Club de patinaxe é perfectamente consciente. Hai días no ano en que non poden patinar, días moi concretos, por exemplo se de repente chove 15 días seguidos aquilo está húmido e non poden facelo. O sr. Igrexas sinala que non pode dicir moito máis. Reitera que a directiva do Club, en principio, é coñecedora desta tema e está máis que falado, e asumen que piden un recurso que é o que ten o Concello e o Concello llo deixa. Sinala que nesta época tamén hai goteiras, se descubren as goteiras, e así no pabillón dos Tilos reparouse o ano pasado e este ano volta a ver unha nova goteira ao lado da portería, pero hai que esperar a que deixe de chover para subir arriba e tapala. Salienta o sr. Igrexas que se trata de instalacións que teñen anos.

Concretamente este cree que ten dúas goteiras, que son mínimas, que non é problema en absoluto, e que cando se aborde o cambio da cuberta, se abordaran, engadindo que o tema de que sexan utilizados por máis xente e algo que é inevitable.

A sra. Lemus pregunta pola posibilidade, durante estes días nos que non se pode utilizar o pavillón, de ir a outro, é dicir, reformular a axenda. Pregunta se sería posible ou se non esta pensado.

O sr. Igrexas responde que non sería posible posto que os outros pavillóns están ocupados, habería que botar a outro alumnado, comezando polos que fan patinaxe en Calo, que normalmente coinciden nos días.

2.- A sra. Lemus fai referencia á obra de Fornelos, Rarís, un aglomerado que está no POS, e quere lembrar que había un compromiso de intentar facer unha obra de Augas de Teo previa ao aglomerado. Di que comenta isto porque lle preguntaron os veciños

hoxe se estaba prevista, pois no proxecto ía só o aglomerado pero o do saneamento estaba pendente.

3.- A sra. Lemus manifesta que nesta semana presentou no rexistro un rogo en referencia a unha tapa de rexistro na Silva, e aclara que é de Augas. Pregunta se se sinalizou.

O sr. alcalde di que aínda non, pero que se fará esta semana.

4.- A sra. Lemus pregunta polas previsións sobre o contrato de lixo.

O sr. alcalde sinala que se tratará o tema na vindeira Xunta de portavoces.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra explica que en Sebe, no número 49, baixando do Campo de fútbol de Cacheiras cara Recesende, nunha pista que vai cara a Residencia, xa se pediu máis veces, tendo en conta que hai unha cuneta moi fonda, que xa se meteu aí un coche e que resulta preciso que se poñan uns tubos e se rechee.

2. – Sinala o sr. Guerra que unha persoa, no número 9 de Mouromorto, pide asfaltado e un punto de luz. Sería asfaltado ata o número 9, dende a estrada xeral, e serían uns cen metros.

3.- Indica o sr. Guerra que a pista que vai de Mouromorto a Socastro, a que vai á Area recreativa, da cal xa falaram máis veces, non ten luz e os rapaces teñen que alumear coa luz do teléfono, polo que farían falla dous ou tres farolas.

4.- O sr. Guerra sinala que o outro día preguntáronlle na rúa Cruceiro da Costa de Ameneiro que pasa coa fibra óptica. Pregunta se se sabe algo, cando pode chegar.

O sr. alcalde di que o problema é que a fibra óptica nos contratos estes, impugnados, tanto do Ministerio como da Xunta, nos que o que gaña ten que facer a distribución da fibra nese núcleo, así que complete o 70% da poboación da o núcleo por feito. Non é exactamente que o de por completado, pero digamos que é o compromiso que teñen

co Ministerio, co cal é ben dicilo, porque é cuestión de andar enriba deles e de reclamar. En todo caso as reclamacións deberían de facerse a partir de finais deste ano porque tiñan de prazo, como consecuencia do COVID, para facer o despliegue, ata finais de ano.

5.- Di o sr. Guerra que tamén lle preguntan pola fibra óptica en Chaves, e polo asfaltado e o cambio de luminarias.

O sr. alcalde, tratándose da fibra óptica, sinala que se vai a poñer en funcionamento tamén agora, e con respecto ao asfaltado indica que ou se licitou ou se vai a licitar. Tratándose das luminarias o sr. alcalde comenta que a ver se se pode optar a outros fondos para completar iso.

6.- O sr. Guerra sinala que en Cacheiras, diante do bar Betos e do resto de establecementos que hai alí, hai varias baldosas que se están levantando.

7.- O sr. Guerra di que en Agoso, o camiño que vai dende aí ao monte, ao número 57, tamén lle avisaron hoxe de que hai baches e a cuneta está tupida e éntralles auga nas eiras.

8.- Refírese o sr. Guerra ao pavillón da Ramallosa e indica que tamén lle chamou a señora a el e que lle comentou que a filla caeu alí, que se lastimou e que aínda non foi moito, e que se chegase a ser máis que iría ao xulgado. Tamén lle comentou que a pintura se está levantando, que sempre hai humidade, que os patíns teñen que reparalos e que incluso teñen pagado ata trescientos euros. Aparte de que seica o outro día tiveron unha competición ou unha xuntanza con varios concellos nos Tilos e había un caldeiro recollendo goteiras, cuns conos alí marcando, e tiveron que andar secando unha parte que estaba inundada.

Con respecto ao que falou con anterioridade o sr. Igrexas di que efectivamente lle comentou que a auga ven de abaixo para arriba, engadindo que non cree que haxa que tirar o edificio por culpa diso, senón que hai formas de corrixir as humidades.

O sr. Igrexas sinala que si que sabe desas formas de corrixir as humidades, pero polo que lle din os técnicos o problema é que está totalmente enterrado dun lado, e que alí nace auga e ademais é un espazo demasiado ancho. Indica que se fose máis estreito,

se podería facer como se fixo na gardería de Calo, na que se fixeron fosas laterais para evitar que as paredes absorberan a auga, porén foron dez metros, pero facelo nos laterais por aí no pavillón sería un custo inmenso e non ofrece unha garantías, porque, segue insistindo, nace a auga alí.

O sr. Guerra fala de elevar o piso.

O sr. Igrexas responde que o pavillón é un pavillón de deportes, e ao mellor o patín necesita uns espazos determinados e exclusivos pero iso é un tema que se pode abordar na xunta de portavoces, porque están falando do POS e entre todos poden decidir facer un espazo para patinaxe, pero ao mellor teñen que quedar núcleos sen asfaltar, tratándose polo tanto dunha cuestión de decisión política, de decisión dos grupos políticos.

O sr. Igrexas explica que o dos Tilos é outra historia, pois ten un panel sándwich, que absorbe a auga e logo cae. Explica que estivo alí o día anterior vendo o tema e era un lateral ó lado da portería, pero secouse e puxéronse uns conos porque quedaba húmido, pero uns conos que non estaban nin no medio nin interrompían para nada, de feito as xuízas que fixeron as probas entenderon que aquilo non interrompía para nada o desenvolvemento das probas.

Incide novamente o sr. Igrexas en que os pavillóns teñen os anos que teñen e cambiarlle as cubertas costa o que costa. Salienta que se optimizan os recursos, fánselle obras, pero cun panel sándwich, ata que empeza a chover non se sabe por onde vai, si cando chove, como agora, que se vai subir e vanse cambiar os canalóns, porque houbo actos vandálicos, atascaron os canalóns e xa estes últimos días machacáronos todos, co cal non baixa a auga, desborda por arriba e aí si que hai unha entrada de auga derivada dese atasco.

Salienta o sr. Igrexas que son cousas que se van abordando. Son espazos multiusos que evidentemente teñen un uso intensivo, porque o de Calo utilízao a S.R., o de Tilos utilízao Galogrim e máis xente, entón, antes e despois de patinaxe hai xente, sen esquecer os nenos do colexio. Explica o sr. Igrexas que, aínda que se limpan todos os días, evidentemente hai areas, e se fai o que se pode. Sinala que se alguén ten algunha idea, na xunta de portavoces pódese falar.

Sinala o sr. Igrexas que hai outras solicitudes, e así por exemplo o club de Béisbol pide un espazo exclusivo para xogar ó Béisbol, e hai moitas demandas dese tipo que tamén se poden abordar.

9.- O sr. Guerra di que na pista que vai de Fornelos ao Pazo e ao cemiterio están demandando o alcantarillado e que se repare a pista.

O sr. Igrexas sinala que iso é o que acaba de dicir a sra. Lemus.

10.- A sra. Vázquez refírese ao tema dos baches en dous sitios. Sinala que se agora de verdade vai parar a choiva e vir algo de bo tempo, era bo pasar a tapar alí en Olveira, tal e como xa se ten falado.

Sinala que tamén se comentara o tema da entrada cara ao campo de fútbol, e falarase de adecentar unha vía para os peóns. Pregunta se mentres iso non se leva a cabo se podería ir a mirar cales se poderían tapar, ou subsanar un pouco os que hai, máis que nada porque llo volveron a pedir os veciños.

11.- A sra. Vázquez di que, falando de pistas deportivas, ten unha petición para a que hai en Campos, Teo. Hai varios usuarios que están indo a xogar ao baloncesto o que pasa é que parece ser que as canastras non son iguais, unha ten rede e a outra non porque ademais un dos aros está roto. Pide a ver se se pode unificar algo para que poidan darlle uso, porque senón sempre teñen que acabar indo ó Milladoiro e aínda que agora os días de choiva non poden usalas, é verdade que dentro do posible é mellor que lle dean uso ás que teñen cerca.

12.- A sra. Vázquez di que quería transmitir que estivo no Consello escolar no CEIP da Ramallosa e quería propoñerse o tema de sacar unha das partes do xardín para poder ampliar o aparcadoiro dentro do centro, a raíz dun incidente que houbo e que lles levou a modificar certas cousas dentro do centro. Sinala que seguramente a sra. López estea ao tanto e que o comenta por se se lle pode transmitir e que sexa algo que poidan tratar entre todos, porque parece ser que é unha petición que levan facendo dende hai tempo e que implica tamén á Consellería.

13.- O sr. Guerra sinala que o outro día dixéronlle uns veciños que na pista que vai de Mouromorto a Socastro se derruba alí o alude dun lado.

O sr. Igrexas sinala que o do campo de fútbol vaise facer en xaneiro ou febreiro e que xa está pedido o orzamento. Vaise facer unha actuación de urxencia no Castro, de Mouromorto, porque aínda que se vai asfaltar e se vai facer unha renovación hai buratos que non poden esperar seis meses, pero os do Campo de fútbol de Reis pensa que non é o caso. A sra. Vázquez comenta que se as obras se van facer nese tempo non habería problema.

14.- A sra. Castro refírese ao camiño de Adrán, que vai ao largo do peche todo do Pazo, e di que ten unha capa bastante grande de follas, que supón que é das árbores do Pazo, que sobrepasan as pólas durante todo o camiño. Explica que hoxe avisáronlle que xa caeu unha persoa, polo que o comenta para ver se se podía limpar.

15.- A sra. Castro di que ten unha petición dalgún veciño de Campos de Mirabel. Pregunta se se podería colocar un foco na pista deportiva para poder aproveitar os días de inverno que estean bos.

O sr. alcalde responde que hai que poñer unha limitación horaria porque hai que ter en conta aos veciños.

16.- A sra. Calvo pregunta se está pensado pedir, ou xa se pediu, un cribado para o tema do COVID, porque a situación é tremenda e subiron dun día para outro 31 casos e o Concello está en 180.

17.- A sra. Calvo pregunta como vai o acordo, ou se xa se falou, cos taxistas de Teo, polo tema das tarifas, e se se vai a falar diso no primeiro pleno de xaneiro.

O sr. alcalde tratándose do tema do cribado indica que xa cando tiñan as reunións coa Consellería había alcaldes que eran moi pesados no tema, e nese caso o Conselleiro e a Xerente da área dicían que eles tiñan os criterios e o coñecemento para determinar onde eran necesarios ou non os cribados. Sinala que tamén é certo que eran outras circunstancias, e por exemplo facían cribados onde había brotes nos que non sabían a procedencia, pero se se sabía máis ou menos a distribución que tiña o virus non os facían. Hoxe en día o cribado, dado o nivel de contaxio existente, determínanos tamén eles en función de se ven algunhas zonas con asintomáticos de transmisión. O sr. alcalde pensa que, como eles dicían, para facer os cribados hai que ter criterios

médicos e epidemiolóxicos, e o Concello de Teo non os ten. Sinala que habería que preguntarse se Teo está peor ou mellor que Ames, por exemplo, ou peor ou mellor que Santiago, engadindo que hai moitos, como ten todo o mundo. Pensa que está ben que cadaquén pida o seu, pero pensa que ten que haber un criterio superior que determine onde son necesarios ou onde non, porque senón por pedir todos pedirían cribados e nese tema hai que ser fundamentalmente responsables.

A sra. Calvo insiste e quere aclarar entón se non se vai pedir o cribado, pois polas súas palabras entende que non cree que se deba de facer.

O sr. alcalde respóndelle que, como dixo, entende que o SERGAS cos seus criterios médicos e epidemiolóxicos, que son moi estritos e que ademais sabe que os están aplicando, é quen debería de decidir onde fai os cribados, e que os Concellos non deberían de ser pesados con este tema.

Con respecto ao tema do acordo cos taxistas do Concello, sinala que, máis alá de que non estivera a sra. López, hai que sinalar que o problema que existe é que hai un cambio de tarifas, que ten que ter un informe de Intervención, co cal para este Pleno era inviable. Sinala que se comprometen a facer esa proposta cos informes necesarios para o vindeiro Pleno.

A sra. Calvo pregunta se entón se contactou cos taxistas, ao que responde o sr. alcalde que non se fixo, e que se fara cando veña a sra. Lopez.

Co permiso do sr. alcalde, intervén a concelleira do BNG, sra Diéguez, e refírese ao tema da fibra óptica e ao dito polo sr. alcalde en relación a que as empresas só tiñan a obriga de cubrir o 70%. Pregunta a sra. Diéguez como se calcula esa porcentaxe.

O sr. alcalde responde que as parroquias non son ente territorial para o tema da fibra. Cada lugar entra ou non nun concurso que realiza o Ministerio ou a Xunta. Indica que hai que fixarse en concreto a aldea ou lugar a que empresa se lle adxudicou e dentro desa ampliación de rede, unha vez que esa ampliación da servizo, ou pode dar servizo, ao 70% das casas ou do núcleo parece ser que aí acaba o compromiso da empresa, que nese intre considera executado o contrato coa Administración. Aínda así téntase forzar e téñense conseguido ampliacións, sobre todo se dan servizo a varias casas,

pero é un tema no que nin sequera o Concello é quen fai o contrato coa empresa e a capacidade de persuasión do Concello é limitada, sobre todo porque para as empresas é un criterio económico.

A sra. Diéguez pregunta cómo elixen que casa entra e cal non.

O sr. alcalde di que elixen o que lles saia máis barato.

A sra. Diéguez pregunta por zonas, por exemplo, en Oza. O sr. alcalde responde que teñen o listado de a que compañía lle corresponde cada zona e que prazo de execución teñen. A maioría, ou unha boa parte, remataban no 2020, porén foi prorrogado ao 2021, polo tema do COVID. Salienta o sr. alcalde que, de calquera xeito, agora o tema está avanzando bastante rápido, en comparación con como se estaba facendo. Tratándose da zona pola que pregunta a sra. Diéguez sinala que, ao rematar o Pleno, poderalle mirar no documento que ten no seu despacho.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz